2. H2050

Hospital 2050 (H2050) é un plan de innovación sanitaria centrado no desenvolvemento de tecnoloxías capaces de dar vida ao hospital do futuro. Activado a través dun proceso de compra pública innovadora cofinanciado con fondos FEDER, rematou en 2015 co resultado de 9 proxectos.



Retos. Os retos asociados a H2050 estrutúranse arredor de tres grandes eixes:

1. **Hospital seguro:** Desenvolvemento de solucións que garantan a seguridade do paciente e a súa confianza nos coidados sanitarios recibidos, así como a seguridade dos xestores e profesionais na prestación dunha asistencia eficiente.
2. **Hospital verde:** Programas de uso eficiente de auga e enerxía, xestión integral de refugallos sólidos e líquidos e manexo axeitado de substancias químicas, garantindo o cumprimento da normativa ambiental e sanitaria vixente.
3. **Hospital sustentable e eficiente:** Ferramentas tecnolóxicas para a diminución de riscos ambientais e ocupacionais, a educación ambiental, a seguridade, a calidade na atención ao paciente, a redución de custos, a diminución do consumo de enerxía, a mellora da loxística e o aumento da produtividade.

Proxectos. Os proxectos resultantes serán obxecto dunha demostración física a escala na nova área do Complexo Hospitalario de Ourense, pertencente ao Sergas, con base nun novo modelo funcional centrado no paciente e cun enfoque de asistencia aberta e participativa:

- 1. Urxencias- Sistemas de xestión intelixente
- 2. Trazabilidad integral de pacientes e recursos
- 3. Robotización hospitalaria
- 4. Hospital autosostible
- 5. Novo HIS 2050- Sistema Integral de Xestión de Pacientes
- 6. Habitación intelixente
- 7. Hospitalización innovadora
- 8. Hospital dixital seguro

9. Preservación da información clínica